

ASPECTOS A DESTACAR DO PROXECTO EDIXGAL

Como se indica no impreso de cesión:

1. O portátil que se cede a/o alumn/a durante toda a etapa da ESO é para uso exclusivo dese alumno/a (non é para os demais familiares, nin resto de persoas achegadas).
2. O alumnado non debe perder de vista o equipo que ten en préstamo durante os traslados. Deixalo no autobús, no parque ou en calquera outro sitio non apropiado pode supor a súa perda-desaparición, polo que eso implicaría que a familia tería que asumir a súa reposición.
3. Este equipamento é para **uso educativo** exclusivamente, non para ver películas ou vídeos de temáticas diversas, redes sociais, xogos online,... É importante que a familia faga un seguimento do que fai o/a seu/súa fillo/a con el cando non está a facer tarefas escolares.
4. Para aumentar o grao de seguridade na rede, dende a Xunta están a aplicarse diversas medidas que bloquean o acceso, con estes ordenadores, a diferentes páxinas web que non son consideradas suficientemente seguras, polo que é importante que estes ordenadores estén actualizados coa última versión de maqueta Abalar.
5. O equipamento ten que ser levado diariamente por cada alumno/a, correctamente protexido no seu maletín ou con algún outro sistema de protección análogo, evitando que entre en contacto directo con obxectos de formar irregulares que poidan provocar roturas en calquera parte do dispositivo. Lémbrese que os/as alumnos/as deben estar habituados a revisar todos os días as súas mochilas para traer unicamente o material que necesitan cada día, incluíndo o equipamento E-Dixgal.
6. E sobre todo, deben manterse lonxe de líquidos e comida que poideran provocar danos irreparables no sistema electrónico do equipo. As avarías causadas por este tipo de danos non están incluídas dentro da garantía, polo que as familias deberán asumir a súa reparación.
7. O alumnado debe traer o equipo cargado ao centro. Os casos nos que a batería dura pouco tempo irán tratándose de forma individual, para buscar a mellor solución posible a dita problemática. No caso de traer o cable de carga, é importante evitar prestar ese cable a outro/as compañeiro/as, especialmente se non se garantiza a devolución ao seu propietario/a.
8. Todo o equipamento (ordenador, cable de carga, maletín) vai catalogado con etiquetas-pegatinas que son empregados pola coordinadora E-Dixgal para facer unha identificación e rexistro máis rápidos sobre os seus problemas de funcionamento, polo que pregamos que se respeten estes sistemas de identificación.
9. Ao longo deste trimestre revisaranse os carros de carga e serán postos a punto para que, o alumnado que queira, poida empregar os carros de carga para cargar os ordenadores e/ou para deixalos no caso de ter outros ordenadores na casa para traballar con eles a través da plataforma E-Dixgal. Nestes casos os ordenadores deben quedar gardados no carro de carga e baixo chave (nada de deixalos colgados na mesa ou na silla).
10. Aconséllase a todas as familias do alumnado novo que acaba de recibir o equipo E-Dixgal que fagan o seguro opcional fronte a roturas (a información pode ser consultada na páxina web do centro), independentemente de que o equipo cedido sexa novo ou non, para evitar problemas posteriores.
11. Calquera problema de funcionamento que poidera xurdir en calquera equipo, o alumnado afectado debe comunicalo ao titor/a, que se encargará de poñelo en coñecemento da coordinadora E-Dixgal. Os casos daqueles grupos que teñen clase directa coa coordinadora, poden comunicalo directamente a ela.